

Búscanse doantes de lingua

O ILG procura co micromecenado o financiamento para crear unha plataforma de datos lingüísticos

TAMARA MONTERO
SANTIAGO / LA VOZ

A lingua ten valor. Cada termo, cada palabra, cada mensaxe de WhatsApp e cada chío en Twitter. Esa palabra que só se escoita na casa ou que é patrimonio da vila. O seseo, a gheada. Unha nota. Ese nome de paxaro e a entoación concreta da fala. Unha conversa calquera, espontánea. Un significado que non aparece nos dicionarios. Cada anaco de galego, por pequeno que sexa, é valioso. Un tesouro que hai que coñecer, preservar e investigar. Así que o Instituto da Lingua Galega busca doadores de alfaias. Busca doantes de lingua.

A idea é que a través dunha plataforma web se poidan facer doazóns lingüísticas, pero tamén desenvolver ferramentas de vi-

sualización para que se poida ver como contribúe esa doazón ao infinito mapa da lingua galega. «Que a xente non só doe a lingua, senón que a vexa», resume Elisa Fernández Rei, responsable deste proxecto que busca financiamento a través da plataforma de micromecenado que vén de poñer en marcha a Universidade de Santiago.

É un xeito de abrir a investigación en lingua galega máis aló do ámbito académico, «porque podemos caer no risco de acabar describindo a nosa propia lingua, a que usamos os académicos», explica Elisa Fernández. «Hai unha parte deste proxecto que está pensada cunha dimensión investigadora, pero hai outra que é de poñer en valor a lingua viva, a que usamos todos os días, que é tan valiosa coma calquera outra». E así descubrir que esa

«O realmente interesante, máis que a lingua estándar, é a lingua real da xente»

palabra que se escoita na televisión que parece que inventaron uns académicos nun gabinete en realidade é un termo utilizado de xeito cotián nunha zona de Ourense, ou de Vigo, ou de Pontevedra. E así desbotar prexuízos lingüísticos que aínda existen. «É algo que busca que a xente estea en contacto coa lingua viva».

Foi a USC a que ofreceu a posibilidade de acudir ao micromecenado para obter recursos para Lingua viva. «Estes proxectos moitas veces é difícil que entren nas convocatorias» ou nas vías tradicionais de financiamento da ciencia, explica Elisa Fernández Rei. Ás veces as ideas cunha dimensión máis social non acaban de encaixar nas políticas científicas da Administración.

«O saber da xente importa», afirma Xosé Luís Regueira, director do Instituto da Lingua Gale-

«Hai unha parte de investigación e outra de poñer en valor a lingua viva, a que utilizamos decote»

ga. E importa tanto como doazón como para acudir a el en proxectos concretos e solicitar á xente a súa participación. «Dende o punto de vista da lingüística, o realmente interesante, moito máis que a lingua estándar, é a lingua real da xente, que é o que nos dá a información de como está a funcionar», explica Regueira. «Que é o que están falando os nosos alumnos? Que é o que están falando os nosos veciños? Iso é o que temos que tratar de entender». Aínda que a web en si aínda non se deseñou, hai moito traballo feito. O ILG traballa moito en visualización de datos lingüísticos e todo iso pode aproveitarse para este proxecto.

«A idea é, ademais de recoller todas estas doazóns libres, desenvolver proxectos concretos aos que a xente poida achegar algo». Así que se se fai unha investigación sobre entoación «podo pedir, por exemplo, que a xente lea frases», ou que responda a un test. Elisa Fernández ri a cachón cando se lle comparan estes proxectos concretos cos chamamentos ante a baixada de reservas de grupos sanguíneos. «Sí, algo así é».

Una tesis de la USC investiga el poder cultural y político de mujeres medievales

SANTIAGO / LA VOZ

A través de las cartas latinas que algunos de los autores de la llamada Escuela de Loira dirigieron a una audiencia femenina entre finales del siglo XI e inicios del XII, la investigadora de la USC Laura Camino demuestra que el ejercicio del poder político y la influencia de las mujeres medievales no era ni raro ni infrecuente en una época de florecimiento de las cortes anglonormanda y aquitana. La investigadora explica que las destinatarias pertenecían a dos grupos bien diferenciados en términos sociales y geográficos: unas estaban en Francia y otras en Inglaterra, y algunas se dedicaban a la vida religiosa y otras eran parte de la nobleza laica gobernante. La tesis es la única que estudia los textos agrupadamente e incluye la única traducción al español de las cartas de Baudri. Marbodo y Hildeberto para una audiencia femenina.

San Domingos de Bonaval acolle unha ofrenda floral a Castelao no 70 aniversario do seu pasamento

SANTIAGO / LA VOZ

A igrexa de San Domingos de Bonaval, lugar onde reposan os restos de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, acolleu na tarde de onte unha ofrenda floral organizada pola Fundación Castelao con motivo do 70 aniversario do pasamento do escritor e intelectual galeguista. O secretario da entidade, Miguel Anxo Seixas Seoane, foi o encargado de lembrar a figura de Castelao nunha intervención na que reivindicou a importancia dun intelectual que encadrou entre os «homes que construíron Galicia, eses homes aos que Galicia lles

debe tanto», destacou Seixas, que resaltou do escritor que é probablemente «a figura simbólica da que somos máis prestameiros e máis debedores».

O secretario da fundación que leva o nome do intelectual recordou tamén os numerosos actos que se celebraron onte en lembranza de Castelao. O de San Domingos de Bonaval reuniu a varias personalidades de distintos sectores políticos e sociais, entre eles o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García. Belén Bermejo e Isabel Rey interpretaron pezas de Marcial Valladares para voz e guitarra.



Os estradenses Valentín García e Carlos Mella, con Miguel Anxo Seixas, na ofrenda floral. XOÁN A. SOLER

SABIN ABOGADOS

La confianza que te da la experiencia

SANTIAGO: Avenida de Ferrol, 7 4º A ■ T. 981 563 109 - 981 572 053 - Móvil 629 837 150
NOIA: C/ Rosalía de Castro, 12 P.4, 2º A. Urb. San Francisco (Alameda) ■ T. 981 822 756
sabinabogados@sabinabogados.es

www.sabinabogados.es